

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Elixe a opción INCORRECTA. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece como faltas disciplinarias moi graves:**

- A) A falta de asistencia durante máis de cinco días continuados ou a acumulación de sete faltas en dous meses sen autorización nin causa xustificada.
- B) O quebranto da debida reserva respecto a datos relativos ao centro ou institución ou á intimidade persoal dos usuarios e á información relacionada co seu proceso e estancia nas institucións ou centros sanitarios.
- C) Os danos ou a deterioración nas instalacións, equipamento, instrumental ou documentación, cando se produzan por negligencia inescusable.
- D) A desobediencia notoria e manifesta ás ordes ou instrucións dun superior directo, mediato ou inmediato, emitidas por este no exercicio das súas funcións, salvo que constitúan unha infracción manifesta e clara e terminante dun precepto dunha lei ou doutra disposición de carácter xeral.

**2. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, define a historia clínica e determina o seu contido mínimo. Indique a resposta correcta:**

- A) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- B) É propiedade do paciente.
- C) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) Debe incluír o médico ou profesional responsable.

**3. A Constitución Española de 1978 regula os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. No artigo 18 establece que:**

- A) Garántese o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- B) Garántese o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, en todo caso.
- C) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito sempre necesitará autorización previa.
- D) Todos teñen dereito a sindicarse libremente. As Forzas ou Institutos armados poderán ser obrigados a afiliarse a un sindicato.

**4. Cal das seguintes NON é unha prestación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia, segundo o disposto na Lei de Saúde de Galicia?**

- A) Os produtos dietéticos.
- B) A atención a urxencias e emerxencias.
- C) Prestacións homeopáticas.
- D) Prestacións ortoprotésicas.

**5. Elixe a opción correcta. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que, a selección de persoal estatutario fixo realizarase:**

- A) Sempre polo sistema de concurso-oposición.
- B) Con carácter xeral polo sistema de oposición.
- C) Con carácter xeral polo sistema de concurso.
- D) Todas son INCORRECTAS.

**6. O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que, entre outras, é unha función do Parlamento de Galicia:**

- A) Dirixir e coordinar a acción da Xunta e ostentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- B) Nomear e cesar aos Vicepresidentes e aos Conselleiros.
- C) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e comparecer ante o Tribunal Constitucional.
- D) Exercer a potestade legislativa da Comunidade Autónoma.

**7. Sinala a opción INCORRECTA. A Lei Xeral de Sanidade dispón que:**

- A) Esta Lei ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución Española.
- B) As Comunidades Autónomas non poderán ditar normas de desenvolvemento e complementarias desta Lei, xa que é competencia exclusiva do Estado.
- C) Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

**8. Segundo o artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a vixilancia do cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como das normas xurídico-técnicas que incidan nas condicións de traballo en materia de prevención, corresponde a:**

- A) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
- D) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

**9. Elixe a opción correcta. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, con carácter xeral, o tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria:**

- A) Non excederá de 7 horas ininterrompidas.
- B) Non excederá de 10 horas ininterrompidas.
- C) Non excederá de 12 horas ininterrompidas.
- D) Non excederá de 24 horas ininterrompidas.

**10. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, é unha función do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A promoción da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.
- B) A elaboración e desenvolvemento dos programas sanitarios do Servizo Galego de Saúde. A avaliación dos devanditos programas realizaraa directamente a Consellería de Sanidade.
- C) A introdución de novas técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos, sen necesidade de avaliar previamente o custo e impacto dende o punto de vista bioético.
- D) A prestación directa de asistencia sanitaria exclusivamente nos seus propios centros, servizos e establecementos.

1. Elixe a denominación correcta segundo a ordenación territorial establecida na Lei de Saúde de Galicia:

- A) Área sanitaria de Barbanza.
- B) Distrito sanitario de A Mariña.
- C) Área sanitaria de Monforte de Lemos.
- D) Distrito sanitario de A Coruña e Cee.

2. En relación cos principios reitores da política social e económica, a Constitución Española de 1978 establece que:

- A) Compete ás asociacións organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- B) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- C) Os organismos privados formentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte.
- D) Recoñécese o dereito de asociación.